



## **REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN PREVISTA NA BASE 9.1 A PERSOAS ASPIRANTES NO CONCURSO DE MÉRITOS PARA O INGRESO NA CATEGORÍA DE PINCHE CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2022 (DOG NÚM. 4, DO 5 XANEIRO).**

Pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 24 de marzo de 2025 (DOG núm. 63 do 1 de abril) publicouse a relación de persoas aspirantes definitivamente seleccionadas no concurso de méritos para o ingreso en diversas categorías de xestión e servizos/oficios, entre elas na categoría de pinche, entre outras; e se inicia o prazo para a elección telemática de destino.

Unha vez finalizado o prazo de elección de destino, e tendo en conta que existen prazas vacantes resultantes de renuncias no proceso de elección telemática, procede REQUIRIR a persoa aspirante que se relaciona no anexo deste documento para que **no prazo de 5 días hábiles**, presenten a seguinte documentación nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixida á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado membro, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.



c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación. Esta autorización deberá prestarse no modelo que, para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe relativo a emprego público ([www.sergas.es/emprego público](http://www.sergas.es/emprego_publico)).

d) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría a que opta.

e) As persoas aspirantes que accederon pola quenda de persoas con discapacidade deberán presentar neste prazo, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa do mantemento dos requisitos para acceder pola correspondente quenda, de non ter carácter definitivo a resolución pola que se lles recoñeceu a discapacidade, e que foi presentada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Se dentro do prazo fixado a persoa aspirante que figura no anexo non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos para participar no proceso selectivo, quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Santiago de Compostela,

O subdirector xeral de Selección de Persoal  
do Servizo Galego de Saúde

[sinatura dixital á marxe]

Daniel Potel Villar





### ANEXO: REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN BASE 9.1

| Categoría | Núm. | DNI       | Apelidos e nome           | Vía de acceso | Total  |
|-----------|------|-----------|---------------------------|---------------|--------|
| Pinche    | 105  | ***6720** | TABOADA RIAL, MARIA JESUS | LI            | 34,200 |
| Pinche    | 106  | ***2211** | LOPEZ SAQUETE, LOURDES    | LI            | 34,200 |

Acceso: LI: libre

(\*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

